



1ª ACTA DA XUNTA ELECTORAL

Na cidade de A Coruña e sendo as 11:30 horas do día catro de novembro de dous mil catorce, reúnen-se na sala de profesores do CEIP EMILIA PARDO BAZAN , desta localidade, as persoas que máis abaixo se relacionan, nomeadas en virtude do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, que regula a constitución da Xunta Electoral responsable da organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar, ao obxecto de tratar os seguintes asuntos:

Primeiro.- O Director do Centro, D José Manuel García Yanes que baixo a súa presidencia se realiza a reunión, da lectura a tódolos presentes dos artigos 30 e seguintes do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario

Segundo.- Seguidamente, en virtude das disposicións antes mencionadas, procédese á constitución da Xunta Electoral do Centro, quedando a mesma estruturada da forma seguinte:

• Presidente:

- D./Dª JOSE MANUEL GARCIA YANES....., Director/a do Centro.

• Vogais:

- D./Dª TERESA BERNEDO VILOR....., (Mestre/a)

- D./Dª ASUSTIN MARTINEZ NESREIRA....., (Pai/Nai)

- D./Dª MANUEL BOQUETE PEREZ....., (P.A.S).

Actúa como Secretario/a o/a mestre/a, D./Dª TERESA BERNEDO VILOR.....

Terceiro.- A Xunta Electoral, unha vez constituída e de acordo coa lexislación vixente, procede a aprobar a publicación das convocatorias dos distintos sectores de representación, así como a publicación dos seus correspondentes censos electorais, e establece o seguinte calendario electoral:

Día 4 de novembro

- Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesores, pais/nais e, se ser o caso, persoal de administración e servizos.
- Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.
- Envío de escritos ao Concello e a ANPA solicitándolles a designación dos seus representantes.

Día 17 de novembro (Celebración da 2ª reunión da Xunta Electoral)

- Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación.

- Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións.
- Aprobación de modelo de papeletas e sobres dos distintos actos electorais.
- Sorteo público da designación dos membros das mesas electorais.

Día 24 de novembro. Celebración das votacións de:

- Persoal de administración e servizos, de ser o caso, de 11:30 a 12:00 horas.
- Profesorado. 16:00 horas
- Pais, nais e titores legais do alumnado, de 17'00 a 20'00 horas.

Día 25 de novembro (Celebración da 3ª e última reunión da Xunta Electoral)

- *Votación do persoal auxiliar coidador ás 09:30 horas
- Proclamación de candidatos electos.
- Traslado á Xefatura Territorial provincial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas.

E sen máis asuntos que tratar, o Director/a, como Presidente/a da Xunta Electoral, levanta a sesión ás 11:50 horas do día, mes e ano ao principio mencionado e que, como secretario/a, dou fe.

Vº E PRACE:
O/A SECRETARIO/A,

O/A DIRECTOR/A,

Asdo.: TERESA BERNEDO VILOR

Asdo.: JOSÉ M. GARCÍA YANES

T. Bernedo Vilor

OS/AS VOGAIS

AD

Asdo.:

Asdo.: AGUSTIN MARTINEZ NESTERO

Manuel Boquete

Asdo.: MANUEL BOQUETE PEREZ

Asdo.: Manuel Boquete B

4 NOVIEMBRE 2014
MERY ELIANA ALIADA BONILLA